



# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. 2019/2020**

**CEIP CAMPOMAIOR – ORDES**

**CURSO: 6ºA y 6ºB**

**MESTRAS: Cristina Moar Grobas, M<sup>a</sup> del Carmen Gómez Ríos**

**MATERIA: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas, Valores Sociais e Cívicos, Lengua Castellana e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Educación Plástica.**

**DATA: 7 de maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



## Ciencias da Natureza

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>B1.1.</b> Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos obtidos de diferentes soportes.	<b>CNB1.1.3.</b> Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións etc) para expor as súas conclusións e presentar os traballos.	CCL, CAA, CD, CMCCT, CSIEE
<b>B4.2.</b> Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.	<b>CNB4.2.2.</b> Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables:	CMCCT CSC CCL
<b>B5.4.</b> Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.	<b>CNB5.4.2.</b> Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	CMCCT CCL CSC CCEC

## Ciencias Sociais

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>B1.2.</b> Utilizar as TIC para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	<b>CSB1.2.1.</b> Utiliza as TIC (internet, blogs, redes sociais, manexa imaxes, táboas, gráficos...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	CAA CD
<b>B1.4.</b> Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	<b>CSB1.4.1.</b> Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. <b>CSB1.7.1.</b> Participa dunha maneira eficaz a través de plataformas de comunicación (WEBEX) na vida da aula.	CSIEE CSC CCL CMCCT
<b>B2.6.</b> Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático e propoñer algunhas medidas para solucionalo.	<b>CSB2.6.1</b> Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e indicar algunhas actuacións responsables para frealo.	CSC CMCCT CAA CCL



## Matemáticas

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>B3.6.</b> Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel relacionados cos contidos xa vistos, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<p><b>MTB3.4.3.</b> Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.</p> <p><b>MTB3.6.1.</b> Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>	<p>CMCT</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CCL</p>
<b>B4.6.</b> Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel relacionados coa xeometría, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<b>MTB4.6.1</b> Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	<p>CMCT</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CSIEE</p>

## Valores sociais e cívicos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades realizadas..	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	<p>VSCB2.6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.</p> <p>VSCB2.6.3. Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>



## Lengua Castellana y Literatura

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>B1.10.</b> Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade.	<input type="checkbox"/> <b>LCB1.10.1.</b> Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE
<b>B2.2.</b> Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.  <b>B2.9.</b> Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	<input type="checkbox"/> <b>LCB2.2.1.</b> Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.  <input type="checkbox"/> <b>LCB2.9.1.</b> Utiliza os medios informáticos para obter información.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CD
<b>B3.2.</b> Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	<input type="checkbox"/> <b>LCB3.2.1.</b> Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCEC
<b>B5.6.</b> Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<input type="checkbox"/> <b>LCB5.7.1.</b> Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC

## Educación Plástica

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>B2.1.</b> Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	<b>EPB2.1.2.</b> Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA
<b>B2.2.</b> Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, <del>corte, dobra e encartado.</del>	<b>EPB2.2.3.</b> Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA



## Lingua Galega e Literatura

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	<input type="checkbox"/> <b>LGB1.1.1.</b> Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
<b>B2.1.</b> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos	<input type="checkbox"/> <b>LGB2.1.2.</b> Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo). <input type="checkbox"/> <b>LGB2.1.3.</b> Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE
<b>B3.2.</b> Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación  <b>B3.4.</b> Elaborar textos breves con creatividade.	<input type="checkbox"/> <b>LGB3.3.1.</b> Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes... <input type="checkbox"/> <b>LGB3.4.1.</b> Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC
<b>B5.6.</b> Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	<input type="checkbox"/> <b>LGB5.6.1.</b> Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC



## 2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>PROCEDIMENTOS: Seguimento da evolución do alumnado a través de:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- a <i>observación sistemática</i> das tarefas realizadas na súa casa e enviadas á mestra propostas desde a aula virtual do grupo.</li><li>- a participación nas videotitorías (Webex)</li><li>- a realización de diferentes probas (escritas e orais)</li><li>- o intercambio de mensaxes de correo electrónico.</li></ul>
	<p>INSTRUMENTOS: Probas obxectivas, coloquios a través da ferramenta webex, actividades individuais globalizadas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación do terceiro trimestre será a correspondente a unha valoración global das tarefas realizadas polo alumnado e o seu interese por afondar nas materias durante o tempo de traballo en rede.</p> <p>Tamén se terán en conta as cualificacións das probas obxectivas. <b>E en ningún caso se penalizará ao alumnado</b>, senón que todo o traballo realizado será tido en conta de maneira positiva, para favorecer a cualificación final.</p> <p>No referente a <b>CUALIFICACIÓN FINAL do curso 19/20</b>, partirá da cualificación do segundo trimestre e mellorará e/ou recuperarase segundo o traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p> <p>Indicar que neste nivel, final da etapa de Educación Primaria, poderase outorgar <b>mención honorífica (MH)</b> tal como establece no <b>artigo 5 punto 4</b> da Orde do 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: <i>outorgaráselle unha mención honorífica a aquel alumnado que tendo superado todas as áreas da etapa e tendo demostrado un rendemento académico excelente teña a cualificación de sobresáinte en todas as áreas.</i></p>

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre en cada unha das áreas obxecto desta programación.</li><li>• Realización de actividades nas que se fomente a expresión escrita e a comprensión, como exemplo: formación de historias, elaboración de noticias...</li><li>• Actividades encamiñadas a consolidar aspectos relacionados co análises morfolóxico e sintáctico</li><li>• Tarefas encamiñadas a resolución de problemas relacionados coa vida cotia (porcentaxes, medidas, áreas, termos estatísticos) contribuído desta maneira a CCL e a CMCT</li><li>• Realización de esquemas que nos axudan na ampliación de contidos</li></ul>
-------------	---



	<p>realcionados coa economía de España e Europa , e a afianzar aprendizaxes realizados con anterioridade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de traballos de investigación, os cales permitan traballar contidos das diferentes areas obxecto desta programación (contidos de xeografía, educación plástica, matemáticas, nutrición...). Conseguindo chegar ao alumnado o traballo dun investigador.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><u>Metodoloxía empregada co alumnado con conectividade:</u> a través da aula virtual, colgando na aula as tarefas que o alumno/a debe realizar, con recursos de creación propia ou da rede. As tarefas estarán organizadas por áreas e sesións. O alumnado reenviará por correo electrónico aquelas que sexan requeridas pola mestra.</p> <p>Aquelas outras que non sexan reenviadas o alumnado deberá corrixilas a través do solucionario que se lle colgará na aula virtual na seguinte sesión fomentando desta maneira a autoavaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoios na comprensión dos contidos, a través de vídeos de creación propia e enlaces da web.</li> <li>- Emprego de videotitorías (2 ou 3 semanais)</li> <li>- Atención no correo electrónico.</li> <li>- Chamadas telefónicas.</li> </ul> <p><u>Metodoloxía co alumnado sen conectividade:</u> cóntase, como ponte entre o colexio e o alumno, co apoio de institucións como CRUZ VERMELLA. Alí encargaranse de imprimir todas as fichas de traballo, levalas ata a casa do alumno, e unha semana despois recollelas rematadas, escanealas e envíalas de volta ao correo da titora.</p> <p>Será a titora a encargada de coordinar o traballo dos outros docentes (Lingua estranxeira Inglés, Especialista AL e PT...) para realizar un só envío por alumno de todo o material; colaborando o máis posible coa institución.</p> <p>Será tamén a titora, a responsable da obtención da información ou observacións das persoas de Cruz Vermella para coñecer a situación persoal, familiar e académica do alumno.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Fichas e actividades de creación propia, libro de textos, vídeos, aplicación webex, dados de creación de historias, paxinas web de diferentes editoriais, esquemas.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Empregase o correo electrónico, chamadas de telefono, plataforma abalarMóbil, plataforma Webex e comunicados a través da aula virtual
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.